

RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2020.

[*Declaración institucional sobre ALU Ibérica](#)

[*Declaración institucional en apoio ás reivindicacións das persoas traballadoras da pranta "SIEMENS GAMESA" do concello de As Somozas](#)

Información e actas

[1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2020, do 25 de setembro](#)

[2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 19 de setembro de 2020 ata o 23 de outubro de 2020](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2020](#)

[4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2020](#)

[5. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020](#)

[6. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2020](#)

[7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2020](#)

[8. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego no ano 2020" e aprobación do correspondente convenio de colaboración](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

[9. Dación de conta da resolución de aprobación das prescricións técnicas dun vehículo todocamiño, un todoterreo e un furgón, previstas no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición dos referidos vehículos e ratificación do cadro de financiamento do proxecto](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa)

11. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo

12. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Valdoviño para o subministro "xestión dos areas do concello: de instalacións portátiles de aseos e socorrismo"

13. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Negreira para o cofinanciamento das obras Reasfaltado e canalización de Pluviais na Zona da Rúa Teresa Fabeiro Caamaño

14. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Fisterra para o cofinanciamento do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" (reestructuración para centro cultural da planta alta do Mercado Municipal de Fisterra)"

15. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Boiro para cofinanciamento das obras de Mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal.

16. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cariño para cofinanciamento obras de renovación urbana da rampla do Castro e contorna.

17. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Pontedeume para cofinanciamento obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña)

18. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Zas para cofinanciamento do Proxecto de renovación de beirarrúas en Baio AC-552 A Coruña-Fisterra. TM. de Zas"

19. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cambre para cofinanciamento obras de Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira)

20. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cambre para o cofinanciamento das obras de Remodelación da Praza Europa (Fase I).

21. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Neda para o cofinanciamento do proxecto de eliminación de verteduras á Ría de Ferrol na zona da estación de ferrocarril de Neda

22. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Carral para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello.

23. Aprobación inicial do expediente de cesión de uso de varias fincas en Bastiaqueiro (Oleiros), na marxe esquerda da estrada AC 173 en sentido A Coruña Santa Cruz, en favor da Universidade da Coruña.

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

24. Aprobación de proxecto da obra TERMINACIÓN DA PONTE NO PQ 1+800 DP 4202 ALDEA GRANDE AO COTO -LOUSAME-incluído no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2017, segunda fase

25. Aprobación do proxecto da obra de TERMINACIÓN DE OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 5815 MERA A VEIGUE, PQ 0+400 A PQ 2+200, OLEIROS, incluída no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2018, segunda fase

26. Modificación do asunto 7 do orde do día da sesión plenaria celebrada o 29 de maio de 2020, relativo a aprobación do proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 6805 Campara a Pazos pq 0 ao 3 (Ponteceso), por erro de transcripción

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

27. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo", do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0126.0

28. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo e Babío" do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0116.0

29. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque da auga e tirolina no Parque do Camiño Real da Magdalena", do Concello de Cedeira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 co código 2018.2001.0634.0

30. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Actuacións no núcleo de Lires", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0019.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

31. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Vestiaros no campo de fútbol de Santiago de Ois" do Concello de Coirós, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 2019.2001.0462.0

32. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora do saneamento e pavimentación nas rúas Os Carballos e Muíño do Vento" do Concello de Corcubión, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0664.0

33. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia

municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0157.0

34. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mantemento e mellora das estradas municipais nas parroquias de Berdoias, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0331.0

35. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparacion e mellora de firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0332.0

36. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba" do Concello de Sobrado, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL1/2019 co código 2019.2001.0588.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

37. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2020 de aprobación polo Pleno.

38. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2020.

39. Aprobación da autorización do expediente de modificación de créditos núm. 01/20 PL (CE-SC) do Consorcio Provincial Contraintendios e Salvamento da Coruña.

40. Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Cee.

41. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Rianxo (Multas + Taxa 1,5)

42. Dación de conta do Informe sobre datos relevantes do funcionamento da tesourería, xestión tributaria, recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020. Situación a 30 de setembro.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

43. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Boiro para financiar o proxecto "PROGRAMA DE FORMACIÓN ACELERACIÓN EMPRENDE-LAB BARBANZA", marco do Plan de Emprego Local 2016-2019 (PEL)

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre Fondos Europeos

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garante o dereito constitucional a propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas

Moción que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG instando ao goberno da Xunta de Galicia a retirar o "Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades específicas para o ámbito educativo"

Declaración institucional dos Grupos Provinciais do *Partido Popular, Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica* sobre ALU Ibérica

A defensa e conservación do noso tecido produtivo industrial, inmerso nun preocupante proceso de declive, torna aínda máis necesaria logo do impacto causado na nosa economía pola crise da Covid19.

Esta crise demostra, entre as súas múltiples leccións, a maior resiliencia das economías nas que o sector industrial conserva aínda un peso relevante, a súa maior capacidade para conservar emprego e para producir os bens necesarios.

A produción de aluminio na Coruña é unha actividade viable economicamente e mesmo rendible, aínda a pesar dos erros na xestión que deron lugar á falta de subministros que provocou o paro temporal da fábrica.

En 2019, o peche das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés foi evitado grazas á forte mobilización do seu cadro de persoal, que foi quen de obrigar á empresa a procurar un novo propietario, como así foi, coa súa venda ao grupo Parter Capital, constituíndose como Alu Ibérica. Pois ben, só oito meses despois da súa venda, o pasado 15 de abril soubemos da nova venda da factoría coruñesa ao Grupo Riesgo, unha operación da que non foi informado en ningún momento o seu comité de empresa.

Actualmente o novo titular da planta, o Grupo Riesgo, segue a incumprir os seus compromisos no mantemento das instalacións e aboca aos seus 320 traballadores a unha nova situación de alarma en relación ao futuro da fábrica.

É necesario lembrar que tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado subscribiron no seu día un compromiso de tutela cos traballadores de Alcoa para asegurar o mantemento dos 700 postos de traballo que estaban e volven estar en risco. As Administracións non poden ficar de brazos cruzados mentres asisten ao peche encadeado de distintas industrias nun momento no que o aumento do desemprego torna aínda máis urxente conservar e defender o escaso tecido industrial que aínda nos resta.

Por todo o anterior, o Pleno da Deputación da Coruña declara:

- 1.- Solicitar ao Goberno central e, en concreto, ao Ministerio de Industria, que cumpra co seu compromiso de auditar a situación económica e fiscal de Alu Ibérica, a antiga Alcoa, na Coruña.
- 2.- Solicitar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central que auditen o proceso de traspaso de Alcoa ao fondo suízo Parter e, posteriormente, ao Grupo Industrial Riesgo, de forma que se determine se as operacións de traspaso vulneraron os acordos acadados.

3.- Apoiar as reivindicacións dos traballadores ante os reiterados incumprimentos por parte do Grupo Riesgo das súas obrigas en materia de emprego e produtividade, e máis en concreto, apoiar a intervención temporal desta fábrica por parte do estado.

Declaración institucional en apoio ás reivindicacións das persoas traballadoras da pranta "SIEMENS GAMESA" do concello de As Somozas

O pasado mes de xaneiro a empresa "Siemens Gamesa" fai efectiva a compra dunha fábrica de palas en Vagos (Portugal), municipio onde están a realizar un gran investimento, apostando por poñer novos modelos de palas, como é o caso do modelo G145; elo, a pesar de que no mes de outubro do ano pasado, foi a propia empresa a que comunicou ós traballadores que existían serias posibilidades de que o sinalado modelo se implantara na pranta do concello de As Somozas, se ben, a día de hoxe, o certo é que onde está en funcionamento é na pranta portuguesa, como acontece co resto dos novos modelos (G155 e G170).

Estas circunstancias provocan o temor dunha posible deslocalización, co conseguinte peche da pranta do Concello de As Somozas, pois na xuntanza mantida entre o Comité de Empresa e os representantes da empresa "Siemens Gamesa" o pasado 9 de xullo, o Director de Operacións de Palas comunicou que únicamente estaba asegurada carga de traballo ata finais do presente ano 2020, e que, ata o de agora, non se contemplaba ningún investimento na pranta sita no Concello de As Somozas.

Ante este panorama, o Comité de Empresa de "Siemens Gamesa" ven de transmitir a súa profunda preocupación a este Grupo Provincial, polo incerto futuro da pranta; unha pranta que neste momento mantén o emprego de 300 traballadores das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Ata o de agora, a pranta de As Somozas tiña unha importante carga de pedidos no mercado nacional, no norte de Portugal e no sur de Europa, que constitúen para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, e especialmente para os seus sectores industrial e tecnolóxico, unha magnífica oportunidade, por canto se dispón xa de gran experiencia consolidada neste sector.

O Comité de Empresa teme unha posible deslocalización da empresa hacia Portugal, do que xa hai exemplos na contorna, como é o caso de "Poligal", e que todas as futuras inversións da empresa sexan derivadas á nova pranta portuguesa de Vagos.

Así as cousas, o Comité de Empresa de "Siemens Gamesa" solicita a creación dunha mesa de traballo para estudar a viabilidade da pranta ubicada no Concello da Somozas, na que participen, tanto a parte empresarial, como o Comité de Empresa, así como as administracións local e autonómica.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación adopta os seguintes

ACORDOS:

1. Expresar o seu total apoio ó Comité de Empresa da pranta de "Siemens Gamesa" no Concello de As Somozas nas súas reivindicacións, para manter os seus postos de traballo, nunha comarca xa de por sí castigada pola falta de carga de traballo.
2. Instar á Xunta de Galicia e ó Goberno Central a tomar as medidas necesarias, que permitan a continuidade da actividade na pranta de "Siemens Gamesa" no Concello de As Somozas, aproveitando as oportunidades que ofrecen os plans de Transición enerxética da Unión Europea.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2020, do 25 de setembro

Apróbase a acta da sesión anterior, número 10/2020, do 25 de setembro.

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 19 de setembro de 2020 ata o 23 de outubro de 2020

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Presidencia desde o 19 de setembro de 2020 ata o 23 de outubro de 2020

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2020

1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña, por importe de **67.500,00 €**, para cofinanciar a *Programación lírica da Coruña 2020*, cun orzamento subvencionado de 548.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a *Programación lírica da Coruña 2020*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaráanse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lirica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- Con motivo da situación derivada da declaración do estado de alarma sanitaria, Amigos da Ópera deu mostra de adecuación aos tempos que corren, facendo uso das ferramentas que a tecnoloxía poñen ao noso alcance para chegar ao maior número de persoas posible, ofrecendo de modo gratuíto boa parte do catálogo de gravacións das actuacións recentes, con óperas, concertos e recitais, a través dunha canle propia de Youtube con resultados moi alentadores: nalgúns casos, varias das gravacións alcanzaron máis de 200.000 interaccións, o que é mostra unha vez máis do interese do público nas propostas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2020.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a **Programación lírica da Coruña 2020** que terá lugar entre os meses de setembro e novembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas, recitais e concertos

*** Gala Lirica con escenas de óperas de Beethoven, Verdi, Puccini, Giordano, Marcial del Adalid, Juan Durán,...**

Sondra Radvanovsky, soprano

Carlos Álvarez, barítono

Alejandro Roy, tenor

Simón Orfila, baixo

Borja Mariño, piano

Coro Gaos

*** “La Verbena de la Paloma” de Tomás Bretón, con Gala final**

Borja Quiza, Vanessa Goikoetxea, Luís Cansino, Nancy Fabiola Herra, Alejandro Baliñas, Carol García, ... Orquestra Gaos

Emilio López, concepción escénica

4 e 5 de setembro, no Teatro Colón da Coruña

*** Ciclo “Os Nossos Intérpretes”**

Borja Quiza, barítono

A emigración galega. “Cancións de ida e volta”, en homenaxe de Julio Andrade Malde. Obras de José Castro “Chané”, Xoán Montes, José Fernández Vide, Ernesto Lecuona, Andrés Gaos, Carlos Gardel, Consolo Velázquez, Julio Andrade Malde...

12 de setembro, no Teatro Colón da Coruña

*** Recital extraordinario de Mariella Devia**

Obras de Bellini, Donizetti, Verdi, ...

Mariella Devia, soprano

Gilulio Zappa, piano

18 de setembro, no Teatro Colón da Coruña

*** “Vendado é amor, non é cego” de José de Nebra**

Repartición por anunciar

Alberto Miguélez Rouco, director

Estrea en tempos modernos en España con instrumentos orixinais

19 e 20 de setembro Teatro Colón da Coruña

*** Gala Lirica ¡Viva o Belcanto!**

Jessica Pratt, soprano

Xavier Anduaga, tenor

Orquestra Sinfónica de Galicia

José Miguel Pérez Sierra, director

16 de outubro, no Teatro Colón da Coruña

*** Concerto final do “Curso de Interpretación Vocal”**

Participantes no “Curso de Interpretación Vocal” de Mariella Devia. A Programación Lirica da Coruña 2010 celebrará ademais os ciclos de “Lirica Inclusiva” e “As Mariella Devia

26 de setembro, no Teatro Colón da Coruña

*** IV Ciclo de Lirica Inclusiva.-** Desenvolverase en datas e espazos aínda por determinar.

Curso de interpretación vocal:

Amigos da Ópera organiza por segundo ano o seu Curso de Interpretación Vocal, agora a cargo da lendaria soprano Mariella Devia. O curso desenvolverase no Conservatorio Superior de Música da Coruña do 21 ao 26 de setembro.

Actividades paralelas

Concertos, conferencias, proxeccións e ciclos de cinema, entre os meses de setembro e outubro.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas

Cachet de artistas invitados	278.000.-
Contratación do persoal técnico	30.000.-
Dirección artística da produción	70.000.-
<i>Subtotal</i>	<i>378.000.-</i>

Compra de bens destinados á actividade

Gastos de produción:escenografía, vestuario, utilería, luzes, atrezzo, ...	85.000.-
<i>Subtotal</i>	<i>85.000.-</i>

Desprazamentos

Manutención, viaxes e aloxamento de artistas e persoal contratado para a actividade	54.000.-
<i>Subtotal</i>	<i>54.000.-</i>

Publicidade e propaganda

Publicidade, marketing, deseño programas e comunicación	
23.000.-	
Audiovisuais, vídeos e fotografía	8.000.-
<i>Subtotal</i>	<i>31.000.-</i>

Total 548.000 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **67.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **12,317 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,317 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2020*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademáis, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria final de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas na Programación Lírica da Coruña 2020 e dos resultados obtidos.

* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de

subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de

Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuádruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2020

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **200.000,00 €**, ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 250.011,58 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o Programa de actividades do ano 2020.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura crédito destinado a financiar a súa programación.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2020*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan suscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programa de actividades do ano 2020**, que se indica deseguido:

* Música, o carácter singular da programación musical que elabora o Auditorio recae en dous alicerces: o primeiro o apoio e a estabilidade dunha programación clásica, case única no país con vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vangarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito musical artístico:

* Programa de abono clásico: programación deseñado por Paul Daniel baixo o título “En movemento”, incluírá 24 concertos.

* Programa de piano “Ángel Brage”: concertos de Claire Huangci, Sophia Melikian e a pianista rusa Varvara.

* Ciclo de Lied: no mes de setembro, en colaboración coa Asociación de Amigos da

Ópera de Santiago.

* Xornadas de música contemporánea: este ano centraranse nos compositores e intérpretes da diáspora.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

* Festival C, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente galegas en espazos ao aire libre.

* Semana do patrimonio invisible: xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado e, como elemento nuclear contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada.

* Artes escénicas e de movemento: as principais liñas que se teñen en conta para esta programación son o apoio as compañías da cidade, equilibrio entre as disciplinas da palabra e o movemento, interdisciplinaridade da escenas coa literatura, música, xénero, ciencia, política, memoria, cine...e atención a diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono

Deseño e maquetación do programa	3.500,00.-
Impresión programas	5.000,00.-
Impresión programas de man	8.000,00.-
Suministro de augas para concertos	500,00.-
Dereitos de autor	200,00.-
Envíos postais	1.000,00.-
Reparto cartelería	200,00.-
Impresión mupis	200,00.-
Comunicación e difusión na Axenda C	1.500,00.-
Venda telemáticas de abonos e entradas	2.500,00.-
Subtotal	22.600,00.-

Ciclo piano A. Brage

Honorarios pianistas	8.470,00.-
----------------------	------------

Dereitos de autor	200,00.-
Subtotal	8.670,00.-

Ciclo de lied

Honorarios artistas	21.000,00.-
Deseño de materias	1.500,00.-
Impresión cartel e programa	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	700,00.-
Subtotal	25.700,00.-

Xornadas Música Contemporánea

Honorarios artistas	20.000,00.-
Deseño de material	1.500,00.-
Impresións	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	300,00.-
Aluguer material técnico	1.000,00.-
Subtotal	25.300,00.-

Gala Ari[t]mar

Contratación artística	5.000,00.-
Aluguer de material	2.000,00.-
Coordinación e produción da Gala	5.000,00.-
Servizos profesionais	1.000,00.-
Subtotal	13.000,00.-

Festival C

Contratacións artísticas	23.000,00.-
Asistencia técnica	5.000,00.-
Seguridade e acomodación	2.000,00.-
Servizo de reparto de entradas	1.500,00.-
Producción	6.500,00.-
Subtotal	38.000,00.-

Semana do Patrimonio Invisible

Servicios técnicos	18.000,00.-
Subtotal	18.000,00.-

Xornadas de Ilustración Urbana

Coordinación e deseño do programa	2.990,00.-
Contratación de ponentes	10.800,00.-
Impresión de material gráfico	1.210,00.-

Subtotal 15.000,00.-

Artes escénicas e do movemento

Gala do circo de Compostela	5.000,00.-
Señora de rojo sobre fondo gris	9.680,00.-
Encontro paraíso	6.000,00.-
Palabras que habitan corpos	5.000,00.-
Píscore	2.000,00.-
Juana	5.913,88.-
Ms. Dalloway	7.650,00.-
Deja tu mensaje después de la señal	10.034,25.-
Emportats	4.319,70.-
Kukai-Erritu	4.143,75.-
Asistencias técnicas	6.000,00.-
Atención público	..2.500,00.-
Aluguer de material	3.000,00.-
Publicidade e impresión de materiais	4.000,00.-
Comunicación e difusión na Axenda C	1.500,00.-
Servizo de venda entradas	2.500,00.-
Dereitos de autor	2.000,00.-
Posfuncións	2.500,00.-

Subtotal 83.741,58.-

Total 250.011,58 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no

que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, por importe de **40.000,00 €** para cofinanciar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 57.400,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2020.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Dona María Luz Morán Calvo-Sotelo, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitora Magnífica, que actúa facultada polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 1457/2018, do 14 de decembro (BOE do 15 de decembro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidad, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo con o disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 6/2018 unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos na sede da Coruña no ano 2018.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos Cursos na sede da Coruña no ano 2020, de acordo con o seguinte programa:

Optimización metodolóxica en la enseñanza de la danza clásica

Paula de Castro Fernández

7-8 novembro

Presencial. A Coruña

Cine independiente en tiempos del meme

Manuel López

21-27 setembro

Presencial. A Coruña

¿Hay que bajar los drones? La realidad de la seguridad y la inseguridad de los drones en España

Roberto Lage

7-8 outubro

Online

Transición energética justa

Ricardo García Mira

17-18 setembro

Online

Retos demográficos y políticas públicas para la España despoblada en tiempos del covid-19. Una reflexión desde los expertos

Francisco Ramos

setembro- novembro

Online

I Foro economía prospectiva de Galicia

Fernando González Laxe

12-13 novembro

Presencial. A Coruña

Patrimonio cultural digital: retos y oportunidades en Galicia

Pendente datas

Presencial. Santiago de Compostela

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos directos

Honorarios profesores	28.000.-
Aloxamento e manutención	4.500.-
Viaxes de profesores	6.700.-
Medios técnicos (gravación e/ou traducción simultánea)	4.500.-
Publicidade e difusión	5.500.-
Reprografía e material	2.100.-
<i>Total gastos directos</i>	<i>51.300.-</i>

Gastos indirectos

Limpeza / desinfección locais / xel hidroalcohólico	1.600.-
Gastos de persoal	4.500.-
<i>Total gastos indirectos</i>	<i>6.100.-</i>

Total gastos 57.400 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Diputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 69,686 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,686 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou persoais, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

- * Certificación da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Declaración de si a entidade está ou non exenta de IVE.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- * Acreditación do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2020.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se transcurran máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigação de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no este precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro

de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2020

1.- Aprobar a concesión dunha subvención á Universidade da Coruña, por importe de **70.000 €**, para cofinanciar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 87.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento”.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2020*

Na Coruña, a

REÚNENSE

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a..... , en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

EXPOÑEN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo

da sociedade:

- * A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- * A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- * A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega, e máis concretamente no contorno da provincia da Coruña, polo que ven traballando dende hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuir de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co CIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2020**.

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

Obradoiros, xornadas e exposicións divulgativas. Actividades cun carácter singular, xa que perseguen darlle a coñecer á sociedade os achados da investigación desenvolvida na UDC, alén de motivar a xente nova para realizar carreiras das áreas científicas.

First Lego League 2020. Xornadas ou conferencias en que expertos da UDC explican temas científicos e culturais de actualidade de forma rigorosa e amena ao conxunto da sociedade, alén de reflexionar sobre as novas contribucións ao desenvolvemento da investigación realizadas na UDC; procúrase fomentar o interese pola ciencia e a cultura en xeral, e a tecnoloxía en particular, entre o público asistente.

Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. O 11 de febreiro deste ano, co fin de celebrar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC organizou en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses unha Xornada Científica na DOMUS.

Programa de divulgación en liña. Programa que pretende difundir coñecemento científico centrado na situación actual de alarma sanitaria a través de vídeos realizados por grupos de investigación ou investigadoras e investigadores individuais.

Premios Isabel Zendal. O concurso ten como obxectivo fomentar a práctica do escepticismo, entendido como o pensamento crítico e racional como ferramenta indispensable para a comprensión do mundo e a toma de decisións na vida diaria, especialmente entre a xente moza

Obradoiros creativos. Abranguen distintas modalidades artísticas (fotografía, banda deseñada, novas artes urbanas, produción audiovisual, creación literaria ou creación plástica, entre outras) e habilidades (uso de materiais ecolóxicos, serigrafía, linguaxe cinematográfica, creación de marca, por exemplo) nos campus de Ferrol e da Coruña.

Residencias artísticas. O programa de residencias artísticas ten como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, escrita teatral, circo, danza, e outras artes vivas. Este programa pretende ofrecer aos artistas recursos infraestruturais, técnicos e humanos para desenvolver unha actividade de investigación ou de creación artística provocando o intercambio entre artistas e entre disciplinas artísticas

Danza e Teatro. Desenvolven obradoiros anuais e cuatrimestrais de formación, creación e investigación no ámbito da danza, e sosteñen a actividade dos grupos de danza da UDC (Danza Normal na Coruña e Danza Ferrol en Ferrol). No ano 2020 celebrárase unha parte presencial e outra en liña.

Coro UDC. Fundado en 1990, o coro ensaia dous días por semana e participa en numerosos actos académicos e culturais, dentro e fóra da UDC. O número de integrantes, que se renova cada ano, é sempre superior ás vinte persoas. Na actualidade, e desde o ano 2012, o director é Rupert Twine.

Roteiros singulares. Percurso pola cidade a través das vidas das mulleres que fixeron e deixaron a súa pegada na cidade de Ferrol.

Biblioteca Virtual Galega. A Biblioteca Virtual Galega da Universidade da Coruña (<http://bvg.udc.es>) foi creada no ano 2002 e está a iniciar un proceso de actualización

apoiado tamén pola área de cultura da UDC. Trátase dunha biblioteca dixital pioneira no seu momento, absolutamente singular e moi necesaria no momento en que nos achamos debido a que a virtualidade facilita o acceso á literatura galega do estudantado e do público xeral interesado.

Actividades fixas e puntuais.

Exposicións

Programa cultural do coidados

Ciclos de cinema.

Cultura en liña.

Ciclos de música.

Festival Resis en normal.

Sociedade Filarmónica Ferrolana para a promoción da cultura musical entre o alumnado da UDC (Campus de Ferrol)

Charlas Mumes.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Compras de bens non inventariables destinados á actividade	2.648,80
Contratacións externas	62.504,81
Publicidade e propaganda	1.856,80
Gastos de persoal	17.500,00
Compensación de gastos polas prestacións de colaboración	201,59
Desprazamentos	2.788,00
Total	87.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da UDC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2020

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **100.000 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2020* cun orzamento subvencionado de 125.00,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2020*.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2020.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entroutras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, alomenos:

1.1.- Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio dentro destas accións cabe destacar unha que a Universidade de Santiago de Compostela considera fundamental: a captación dos mellores expedientes procedentes do bacharelato e ciclos formativos.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entroutras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro

- Estrea do espectáculo 2020 da Aula de Teatro
- XXIV Festival Internacional de Teatro Universitario

2.2.- Música

- Encontros orquestrais de nadal da orquestra da USC.
- Metáforas do Silencio. Ciclo 250 aniversario de Beethoven
- Ciclo de concertos Ano Concepción Arenal

2.3.- Exposicións

- Exposición e catálogo Concepción Arenal: A conciencia da razón
- Exposición e catálogo Alfonso Costa

2.4.- Plan de posta en valor e Musealización do Patrimonio Histórico-Artístico da USC.

- Programa pedagóxico de difusión do patrimonio da USC

2.5.- Programa para Incentivar á industria cultural Galega trala COVID-19.

3.- Apoio a congresos e seminarios.

Financiamento parcial de congresos, encontros e seminarios encamiñados ao intercambio do coñecemento científico. Nomeadamente inclúese o 24th European Conference on Artificial Intelligence, ECAI2020.

4.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Camiños de Coñecemento e Experiencia

Programa universitario para as persoas de máis de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento

1.1 Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC

- Charlas Temáticas e Visitas informativas a Centros de Ensino Medio	6.050,00
- Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: Caixa para envío, Diplomas, Tarxetóns, Gorras, bolsas, ...	4.950,00
- Material informativo "A Ponte" (Posters, Folletos, Notas de Corte) ..	7.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>18.000,00</i>

2.- Apoio á Programación Cultural

- Estrea do espectáculo 2020 da Aula de Teatro. Escenografía, vestuario, atrezzo, difusión e asistencia técnica	6.000,00
- Festival Internacional de Teatro Universitario. Aloxamento, manutención das compañías, difusión e asistencia técnica	3.000,00
- Encontros orquestrais de nadal da Orquestra	3.000,00
- Metáforas do Silencio. Ciclo 250 aniversario de Beethoven	12.000,00
- Ciclo de concertos Ano Concepción Arenal	4.800,00
- Exposición Concepción Arenal "A conciencia da razón"	20.000,00
- Exposición e catálogo "Alfonso Costa"	5.000,00
- Plan de posta en valor e Musealización do Patrimonio Histórico-Artístico da USC	2.500,00
- Programa pedagóxico de difusión do patrimonio da USC	2.500,00
- Programa para incentivar a industria cultural Galega trala COVID-19	18.200,00
<i>Subtotal</i>	<i>77.000,00</i>

3.- Apoio a congresos e seminarios

- Comunicaci3ns, correos, aloxamento web	15.000,00
- Desprazamentos, gastos de manutenci3n, viaxes e aloxamento	10.000,00
<i>Subtotal</i>	<i>25.000,00</i>

4.- Programa Universitario de Maiores (IV Ciclo): Cami3os de Coñecemento e Experiencia

Custo exclusivo da docencia do programa	
- Ribeira	530,00
- Noia	450,00
- Arzúa	400,00
- Serra de Outes	325,00
- Pobra do Caramiñal	420,00
- Muros	425,00
- Vedra	320,00
- Ordes	340,00
- Teo	400,00
- O Pino	350,00
- Rianxo	330,00
- Padr3n	360,00
- Lousame	350,00
<i>Subtotal</i>	<i>5.000,00</i>

Total **125.000,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

- 1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
- 2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

- 1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.
- 2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego no ano 2020" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de outubro de 2020.

2.- Aprobar o convenio con A Mesa pola Normalización Lingüística, CIF G15154610, correspondente á subvención nominativa, por importe de 34.000,00 €, coeficiente de financiamento do 80% para financiar A liña do galego no ano 2020, de acordo co texto de convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2021, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA) CIF G15154610 PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2020

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de A Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación que atende

consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas, etc, que os vulneran; así como parabéns a establecementos, entidades e empresas que atenden en galego, que dean pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego e apostan por el en toda a súa actividade,

Trata cuestións vinculadas coa normalización lingüística, pensadas para dar solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

Dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación relacionada co uso do idioma.

A App A liña do galego é unha ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego, para Apple e Android que permite o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda para usuarias e usuarios.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e A Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar o A Liña do galego 2020 (**do 1 de xaneiro ao 31 de decembro**) servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Ingresos previstos

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achega con fondos propios procedentes das cotas de socias e socios.	8.500,00€
Deputación da Coruña		34.000,00€
TOTAL		42.500,00€

Gastos previstos

App A Liña do Galego	Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple	6.205,50 €
Persoal	Nóminas correspondentes a un ano de dúas persoas para atención, xestións, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	30.699,75 €
Deseño	Deseño informe da Liña do Galego e deseños publicitarios App	1.343,24 €
Copias e impresións	Copias dos formularios empregados na xestión e impresión do informe anual en fotocopiadora de <i>renting</i>	4.251,71 €
TOTAL		42.500,00€

Cantidade total orzada: 42.500,00 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 34.000,00 €

Coeficiente de financiamento: 80%

A Mesa pola Normalización Lingüística certifica que financiará con fondos propios os restantes 8.500,00 € (20%).

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **34.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481** na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a A MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a A MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a MESA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de A MESA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2020**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a MESA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A MESA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por A MESA na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a MESA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, A MESA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MESA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que

para o exercicio 2021, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- *Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.*

4.- *Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2021 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.*

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Dación de conta da resolución de aprobación das prescripcíons técnicas dun vehículo todocamiño, un todoterreo e un furgón, previstas no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición dos referidos vehículos e ratificación do cadro de financiamento do proxecto

Dar conta da resolución nº 31708, de 15 de outubro, de aprobación das prescripcíons técnicas dun vehículo todocamiño, un todoterreo e un furgón, previstas no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición dos referidos vehículos e ratificación do cadro de financiamento do proxecto.

10.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa)

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa), ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo, ata o 31 de outubro de 2020, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

12.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Valdoviño para o subministro "xestión dos areas do concello: de instalacións portátiles de aseos e socorrismo"

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Valdoviño para o subministro "xestión dos areas do concello: de instalacións portátiles de aseos e socorrismo", ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

13.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Negreira para o cofinanciamento das obras Reasfaltado e canalización de Pluviais na Zona da Rúa Teresa Fabeiro Caamaño

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Negreira para o cofinanciamento das obras Reasfaltado e canalización de Pluviais na Zona da Rúa Teresa Fabeiro Caamaño, ata o 31 de outubro de 2021, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

14.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Fisterra para o cofinanciamento do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" (reestructuración para centro cultural da planta alta do Mercado Municipal de Fisterra)"

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Fisterra para o cofinanciamento do proxecto básico e de execución do "Mercado Cultural" (reestructuración para centro cultural da planta alta do Mercado Municipal de Fisterra)", ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

15.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Boiro para cofinanciamento das obras de Mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal.

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Con-venio subscrito co concello de Boiro para cofinanciamento das obras de Mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

16.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Cariño para cofinanciamento obras de renovación urbana da rampla do Castro e contorna.

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Cariño para cofinanciamento obras de renovación urbana da rampla do Castro e contorna, ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

17.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Pontedeume para cofinanciamento obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña)

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Pontedeume para cofinanciamento obras de Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña), ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

18.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Zas para cofinanciamento do Proxecto de renovación de beirarrúas en Baio AC-552 A Coruña-Fisterra. TM. de Zas"

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Zas para cofinanciamento do Proxecto de renovación de beirarrúas en Baio AC-552 A Coruña-Fisterra. TM. de Zas", ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

19.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cambre para cofinanciamento obras de Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira)

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Cambre para cofinanciamento obras de Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira), ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

20.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Cambre para o cofinanciamento das obras de Remodelación da Praza Europa (Fase I).

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Cambre para o cofinanciamento das obras de Remodelación da Praza Europa (Fase I), ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

21.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Neda para o cofinanciamento do proxecto de eliminación de verteduras á Ría de Ferrol na zona da estación de ferrocarril de Neda

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Neda para o cofinanciamento do proxecto de eliminación de verteduras á Ría de Ferrol na zona da estación de ferrocarril de Neda ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

22.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Carral para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello.

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Carral para o cofinanciamento das obras de Mellora da seguridade peonil no concello, ata o 31 de outubro de 2021 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

23.- Aprobación inicial do expediente de cesión de uso de varias fincas en Bastiagueiro (Oleiros), na marxe esquerda da estrada AC 173 en sentido A Coruña Santa Cruz, en favor da Universidade da Coruña.

A) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso en favor da Universidade da Coruña das fincas propiedade da Deputación da Coruña situadas en Bastiagueiro (Oleiros), na marxe esquerda en sentido crecente da estrada A Coruña - Santa Cruz, denominadas Xan das Viñas e Viña Grande, e cuxa descrición se concreta do xeito que se indica:

Referencia catastral: 15059A029001410000TS Superficie catastral: 43.513 m

Inventario de Bens: Epígrafe 1.1 finca 50 Superficie no inventario: 47.211 m

Título de propiedade: Escritura de compravenda outorgada o 11/08/1937 ante o notario Víctor Valderrama Arias, da Coruña, baixo o número 514 do seu protocolo.

A cesión efectuarase baixo as seguintes condicións:

a) A Deputación da Coruña cede á Universidade da Coruña o uso das fincas descritas polo prazo máximo de 30 anos, e deberá adicar estes bens en interese provincial ao ensino superior mediante o exercicio da docencia, o estudo, a investigación e a creación de coñecemento, no prazo máximo de 2 anos contados dende a apobación do acordo de cesión, debendo manter estes destinos durante os 30 anos seguintes, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias previstas no artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986.

b) Non pode existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins previstos na clausula anterior, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias previstas no artigo 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986. No caso de que os bens cedidos orixinen algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña

c) A Universidade da Coruña facilitará á Deputación da Coruña a utilización das instalacións ubicadas na propiedade cedida ata 20 días ao ano para a realización de actividades de competencia provincial que sexan compatibles co destino dos inmoables.

d) As descrições das fincas efectúanse a título meramente informativo para permitir a súa identificación, e se cede o seu uso como corpos certos, sen que caiba reclamación polas deficiencias e inexactitudes dos títulos de propiedade e superficies indicadas.

e) Serán de conta da Universidade da Coruña toda clase de investimentos, gastos, mantementos, seguros e impostos que recaian sobre a propiedade cedida. A Universidade da Coruña asumirá o pago do Imposto de Bens Inmoables (IBI) desta propiedade aínda que o recibo non figure ao seu nome e durante toda a vixencia do presente acordo. No caso de extinción da presente cesión de uso, manteranse en vigor as citadas obrigas de pago durante todo o tempo en que a universidade continúe no uso dos bens cedidos.

f) Coa extinción da presente cesión de uso os bens revertirán ao patrimonio da Deputación da Coruña con todas as súas pertenzas e acciones.

B) Someter o citado expediente de cesión de titularidade a información pública durante un prazo mínimo de 20 días, contados dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

24.- Aprobación de proxecto da obra TERMINACIÓN DA PONTE NO PQ 1+800 DP 4202 ALDEA GRANDE AO COTO -LOUSAME-incluído no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2017, segunda fase

1.- Aprobado o PROXECTO DE TERMINACION DO DA DP DP 4202 PONTE NO PQ 1+800 ALDEA GRANDE AO COUTO.- LOUSAME (2017.1110.0006.2), incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2017 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 181.811,87 euros, e con cargo a aplicación 0401/4531/60900.

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podendo proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

25.- Aprobación do proxecto da obra de TERMINACIÓN DE OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 5815 MERA A VEIGUE, PQ 0+400 A PQ 2+200, OLEIROS, incluída no Plan de Inversións en Vías Provinciais 2018, segunda fase

1.- Aprobar o PROXECTO DE TERMINACION DO DA DP DP 5815 MELLORA DA SEGURIDADE VIAL.- AMPLIACION E MELLORA NA DP 5815 MERAVEIGUE PK 0+400 AO 2+200 (OLEIROS), (**2018.1110.0003.2**), incluído no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2018 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 575.816,35 euros, e con cargo a aplicación 0401/4531/60900.

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

26.- Modificación do asunto 7 do orde do día da sesión plenaria celebrada o 29 de maio de 2020, relativo a aprobación do proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 6805 Campara a Pazos pq 0 ao 3 (Ponteceso), por erro de transcripción

Modificar por error de transcripción o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de maio de 2020 relativo a aprobación da Terceira Fase do Plan de Conservación de 2020, no que se inclúe o proxecto MELLORA DE FIRME CON MBQ NA DP 6805 CAMPARA A PAZOS PQ 0 AO 3 (PONTECESO) no sentido que:

ONDE DI:

CÓDIGO: 2020.1100.0003.0

DEBE DICIR:

CÓDIGO: 2020.1100.0036.0

27.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo", do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0126.0

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos da achega 2017, que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Bergondo denominada "Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo", co código 2018.2000.0126.0

Logo de presentar o Concello de Bergondo un proxecto modificado con incremento do orzamento desta obra, que xa está adxudicada e parcialmente certificada a súa execución, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente, e tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións introducidas e o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Bergondo denominada "Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0126.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada en data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, que supón un incremento do seu orzamento de contrata, que asume integramente o concello, por razón das modificacións producidas pola necesidade de executar múltiples acometidas domiciliarias á rede de sumidoiros municipal, polo número de tapas de rexistro obxecto de recalce que supera amplamente as proxectadas inicialmente e máis polo axuste das medicións da superficie asfaltada á obra realmente executada; sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

Proxecto Modificado “Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo” 2018.2000.0126.0				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	205.084,84	205.084,84	0,00
	Concello	102.644,29	19.795,43	82.848,86
	Total	307.729,13	224.880,27	82.848,86
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	205.084,84	205.084,84	0,00
	Concello	157.095,65	59.587,04	97.508,61
	Total	362.180,49	264.671,88	97.508,61
DIFERENZA	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	54.451,36	39.791,61	14.659,75
	Total	54.451,36	39.791,61	14.659,75

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4546/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos.

28.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo e Babío" do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2000.0116.0

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver que no Anexo VI a este acordo figura a listaxe dos investimentos da achega 2018 que se inclúen no POS+ 2019, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Bergondo denominada "Mellora camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo e Babío", co código 2019.2000.0116.0

Logo de presentar o Concello de Bergondo un proxecto modificado con incremento do seu orzamento desta obra, que xa está adxudicada e parcialmente certificada a súa execución, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente, e tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións introducidas e o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Bergondo denominada "Mellora camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo e Babío", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, co código 2019.2000.0116.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que supón un incremento do seu orzamento de contrata, que asume integramente o concello, por razón das modificacións producidas pola necesidade de executar múltiples acometidas domiciliarias á rede de sumidoiros municipal e polo axuste das medicións da superficie asfaltada á obra realmente executada, sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

Proxecto Modificado				
“Mellora camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Bergondo, Rois, Guísamo e Babío” Concello de Bergondo 2019.2000.0116.0				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	111.814,10	111.814,10	0,00
	Concello	276.476,83	148.767,94	127.708,89
	Total	388.290,93	260.582,04	127.708,89
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	111.814,10	111.814,10	0,00
	Concello	328.829,93	183.902,10	144.927,83
	Total	440.644,03	295.716,20	144.927,83
DIFERENZA	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	52.353,10	35.134,16	17.218,94
	Total	52.353,10	35.134,16	17.218,94

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos.

29.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque da auga e tirolina no Parque do Camiño Real da Magdalena", do Concello de Cedeira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 co código 2018.2001.0634.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque da auga e tirolina no Parque do Camiño Real da Magdalena", do Concello de Cedeira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, co código 2018.2001.0634.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018 que, en relación co acordo adoptado polo Pleno provincial o 16 de maio de 2018, aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, no que se inclúe este investimento do Concello de Cedeira

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado e que o concello cambiou a súa decisión política de executar o proxecto inicial debido aos gastos de mantemento que suporían os xogos de auga a instalar na fonte existente (auga, canon de saneamento, consumo de electricidade, mantemento da calidade da auga, control de lexionela, cloro, etc), así como a carencia de espazos para diferentes actividades deportivas ao aire libre

Logo de aprobar o concello, previos os correspondentes informes favorables, un proxecto modificado asinado dixitalmente o 11 de maio de 2020 polo arquitecto José Javier Labad Cortadi para realizar estas modificacións, que mantén o mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicial aprobado, pero que supón un cambio do seu obxecto inicialmente previsto

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente o 14 de maio de 2020 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver que o POS+ Adicional 1/2018 ríxese polas Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Parque da auga e tirolina no Parque do Camiño Real da Magdalena", do concello de Cedeira, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, co código 2018.2001.0634.0, cos datos que se indican a continuación, que aínda está sen adxudicar e que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes favorables, para cambiar o seu obxecto inicialmente previsto debido aos gastos de mantemento que suporían os xogos de auga a instalar na fonte existente:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0634.0	Cedeira	Parque auga e tirolina no Parque C.Real Magdalena	119.500,65	6.512,17	126.012,82

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1715/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cedeira para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS+ Adicional 1/2018.

30.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Actuacións no núcleo de Lires", do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0019.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo concello de Cee do proxecto modificado do investimento denominado "Actuacións no núcleo de Lires", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0019.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución de presidencia nº 23130 do 29 de xullo de 2020, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento do concello de Cee

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2020.2100.0019.0	Cee	Actuacións no núcleo de Lires	26.342,25	4.685,63	31.027,88	Autorización da D.X. de Patrimonio Cultural

Logo de presentar o 24 de agosto de 2020 o Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento, datado de xullo de 2020 e asinado dixitalmente o 21 de agosto de 2020 polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes favorables, sen variación do seu orzamento respecto do proxecto inicial, pero que supón unha variación das partidas internas superior ao 30% do seu orzamento de execución material, coa única finalidade de darlle cumprimento aos condicionantes contidos na Resolución emitida o 1 de xuño de 2020 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar o investimento

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 24 de agosto de 2020 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación a este proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario

adoptado na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 (BOP número 208, do 31 de outubro de 2019) e modificadas mediante acordo plenario adoptado o 30 de abril de 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Actuacións no núcleo de Lires”, do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0019.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación provincial adoptado na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia nº 2020/23130 do 29 de xullo de 2020, que aínda non está adxudicado, e que foi aprobado polo Concello de Cee, previos os correspondentes informes favorables, coa única finalidade de darlle cumprimento aos condicionantes contidos na Resolución emitida o 1 de xuño de 2020 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para autorizar o investimento, sen variación do seu orzamento total e que non ten carácter substancial, pero que supón unha variación das partidas internas superior ao 30% do seu orzamento de execución material respecto do proxecto inicial, cos datos de financiamento que se indican na seguinte táboa:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición cumprida
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2020.2100.0019.0	Cee	Actuacións no núcleo de Lires	26.342,25	4.685,63	31.027,88	Autorización da D.X. de Patrimonio Cultural

2.- Considerar cumprida a condición a que fora sometido este investimento, segundo o apartado 2 do citado acordo plenario desta deputación adoptado o 26 de xuño de 2020, consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante a Resolución emitida polo dito organismo o 1 de xuño de 2020 e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2020.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.

31.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Vestiaros no campo de fútbol de Santiago de Ois" do Concello de Coirós, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 2019.2001.0462.0

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª FASE do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Coirós denominada "Vestiaros no campo de fútbol de Santiago de Ois", co código 2019.2001.0462.0

Logo de presentar o Concello de Coirós un proxecto modificado desta obra, con un incremento do seu orzamento de contrata, que aínda non está adxudicada, xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente e o compromiso de financiar o incremento experimentado polo proxecto modificado, e que o dito proxecto foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Coirós denominada "Vestiaros no campo de fútbol de Santiago de Ois", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0462.0, aprobado mediante Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), que non supón unha variación nin da súa finalidade nin do seu obxecto, pero si aumenta o orzamento de contrata da obra para poder adaptalo aos prezos reais de mercado e que a obra poda ser sometida a licitación posterior con garantías de poder ser adxudicada.

Proxecto Modificado "Vestiaros no campo de fútbol de Santiago de Ois" Concello de Coirós 2019.2001.0462.0			
Axentes financeiros	Orzamento contrata Proxecto Inicial	Orzamento contrata Proxecto Modificado	Diferenza
Deputación	31.636,02	31.636,02	0,00
Concello	0,00	25.292,00	25.292,00
Total	31.636,02	56.928,02	25.292,00

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/93396/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Coirós para os efectos oportunos.

32.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora do saneamento e pavimentación nas rúas Os Carballos e Muíño do Vento" do Concello de Corcubión, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0664.0

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020, aprobou a 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver que no Anexo II a este acordo do Pleno provincial figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Corcubión denominada "Mellora do saneamento e pavimentación nas rúas Os Carballos e Muíño do Vento", co código 2019.2001 .0664.0

Logo de presentar o Concello de Corcubión un proxecto técnico modificado desta obra, que xa está adxudicada, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto técnico inicial, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe técnico xustificativo das modificacións, a conformidade do contratista adxudicatario da obra, así como de todos os informes técnicos e xurídicos necesarios para a modificación do proxecto, e que así mesmo conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.-Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Corcubión denominada "Mellora do saneamento e pavimentación nas rúas Os Carballos e Muíño do Vento", incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0664.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020, cun orzamento de contrata de 56.969,56 €, que non supón unha variación nin da súa finalidade nin do seu obxecto, nin afecta ao seu orzamento, aínda que existen modificacións nas medicións de diversas partidas así como a inclusión dunhas novas

e a eliminación doutras, segundo se sinala no informe técnico xustificativo da modificación do proxecto.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Corcubión	2019.2001.0664.0	Mellora do saneamento e pavimentación nas rúas Os Carballos e Muíño do Vento	56.969,56	0,00	56.969,56

2.-Esta obra financiarase integramente con achega provincial con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Corcubión para os efectos oportunos.

33.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0157.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0157.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica, que foi aprobada definitivamente mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial núm. 2016/6844, do 29 de marzo de 2016, logo de levantarse a condición consistente na ratificación polo Pleno municipal da aprobación do proxecto, a que fora sometida a súa aprobación definitiva

Logo de aprobar o Concello das Pontes de G.R. un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables para solucionar os problemas de condensación e luminarias defectuosas atopados neste pavillón secundario do concello

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, co código 2016.2100.0157.0, que está sen adxudicar e que, aínda que non supón unha modificación do seu orzamento total, implica un cambio substancial respecto da solución técnica proxectada inicialmente, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes favorables e que foi supervisada favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, cos datos que se indican a continuación:

			FINANCIAMENTO		
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
2016.2100.0157.0	As Pontes de G.R.	Rehabilitación e conservación no pavillón do colexio público A Magdalena	97.187,33	0,00	97.187,33

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS 2016.

34.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mantemento e mellora das estradas municipais nas parroquias de Berdoias, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0331.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mantemento e mellora estradas municipais nas parroquias de Berdoias, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0331.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento cos datos que máis adiante se indican

Tendo en conta que este investimento se aprobou condicionado á obtención da autorización de Augas de Galicia, e que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/39042 do 13 de novembro de 2018, quedou definitivamente aprobado, logo de que se acreditara o cumprimento da dita condición, e que posteriormente o Concello de Vimianzo adxudicoulle a obra á empresa ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L., co NIF B32404972, mediante o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 6 de maio de 2019, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de executar

Logo de aprobar o Concello Vimianzo, previa audiencia á empresa adxudicataria, ao redactor do proxecto inicial, e ao director da obra, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento que supón unha diminución do orzamento total de contrata con respecto ao proxecto inicial de 202,60 € e que ademais implica, con respecto deste, un cambio do trazado motivado polo considerable deterioro que sufriu, dende a redacción do proxecto ata o día de hoxe, o firme no treito da rúa Gándara, polo que a execución dun triple rego, que era o previsto no proxecto inicial, non sería suficiente para arranxar os citados desperfectos coas suficientes garantías, polo que se traslada a actuación dun tramo da rúa Gándara a outro tramo desta rúa que polo seu deterioro si que é posible realizalo cun triple rego

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 18 de maio de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta

deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mantemento e mellora das estradas municipais nas parroquias de Berdoias, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0331.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que está adxudicado e totalmente pendente de executar, que se aprobou polo concello previa audiencia á empresa adxudicataria e ao redactor do proxecto inicial, cos correspondentes informes técnico e xurídicos favorables, pola necesidade da realización de cambios no trazado do proxecto inicial, trasladándose a actuación dun tramo da rúa Gándara a outro tramo desta rúa que polo seu deterioro si que é posible realizalo cun triple rego, tendo o proxecto modificado unha diminución do seu orzamento tal e como se indica na seguinte táboa :

Concello de Vimianzo Código: 2018.2000.0331.0 “Mantem.estradas parrqs de Berdoias, Castrelo e ou”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	95.900,00	83.106,94	95.697,40	82.931,37	175,57
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	95.900,00	83.106,94	95.697,40	82.931,37	175,57

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4530/76201 do vixente orzamento provincial.

35.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparacion e mellora de firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0332.0

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado Reparación e mellora de firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0332.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Vimianzo	2018.2000.0332.0	Reparacion e mellora de firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo	101.750,00	0,00	101.750,00

Tendo en conta que este investimento aprobouse condicionado á obtención da autorización de Augas de Galicia, e que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/39042, do 13 de novembro de 2018, quedou definitivamente aprobado, logo de que se acreditara o cumprimento da dita condición

Tendo en conta que o Concello de Vimianzo adxudicoulle a obra á empresa HORDESCON, S.L., co NIF B32108334, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o 6 de maio de 2019, e que no día de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 12.837,36 €, unha segunda certificación por importe de 22.330,76 € e unha terceira certificación por importe de 9.487,04 €, ascendendo o total certificado a 44.655,16 € e quedando pendente de certificar 43.623,14€

Logo de presentar o Concello de Vimianzo un proxecto modificado deste investimento, datado de agosto de 2020 e asinado dixitalmente o 16 de setembro de 2020 polo arquitecto director da obra e pola representante da empresa adxudicataria, cun incremento do seu orzamento que é financiado integramente polo concello, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da

modificación do proxecto, a conformidade do redactor do proxecto inicial e a certificación acreditativa da súa aprobación mediante Resolución da Alcaldía do concello do 17 de setembro de 2020, logo de avocar por motivos de urxencia a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, co fin de non demorar máis a execución da obra

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 17 de setembro de 2020

Logo de ver o informe técnico asinado dixitalmente o 17 de setembro de 2020 polo director da obra onde indica que se fai preciso a aprobación por urxencia de dito proxecto polo organismo competente, para proceder canto antes á finalización dos traballos de reparación e mellora do firme, dado o estado inacabado e perigoso para os transeúntes no que se deixou a estrada, cando se procedeu á paralización das obras para proceder á realización do proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reparación e mellora de firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0332.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que está adxudicado e certificado parcialmente por importe de 44.655,16 €, que se aprobou polo concello previa conformidade da empresa adxudicataria e do redactor do proxecto inicial, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para mellorar as condicións de seguridade vial e de durabilidade da propia estrada, tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo concello de Vimianzo tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Vimianzo Código: 2018.2000.0332.0 “Reparac. e mell. firme, beiravías, cunetas e bordos na estrada municipal entre Carnio e Serramo”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Deputación	101.750,00	88.278,30	101.750,00	88.278,30	0,00
Concello	0,00	0,00	32.421,79	28.129,15	28.129,15
Total	101.750,00	88.278,30	134.171,79	116.407,45	28.129,15

A achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4530/76201 do vixente orzamento provincial

36.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba" do Concello de Sobrado, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL1/2019 co código 2019.2001.0588.0

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª FASE do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Sobrado denominada "Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba", co código 2019.2001.0588.0

Logo de presentar o Concello de Sobrado un proxecto modificado desta obra, que xa está adxudicada, con diminución do seu orzamento, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe técnico xustificativo da modificación, a conformidade do contratista adxudicatario da obra e o resto da documentación administrativa necesaria, e que conta coa supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Sobrado denominada "Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0588.0, aprobado mediante Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), cun orzamento de contrata de 130.829,17€, que supón unha diminución do seu orzamento respecto ao do proxecto técnico inicial, pola razón da modificación dunha actuación suprimíndose unha parte desta que xa se atopa executada, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba” 2019.2001.0588.0				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	157.363,14	149.402,90	7.960,24
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	157.363,14	149.402,90	7.960,24
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	130.829,17	124.211,15	6.618,02
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	130.829,17	124.211,15	6.618,02
DIFERENZA	Deputación	-265.33,97	-25.191,75	-1.342,22
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	-26.533,97	-25.191,75	-1.342,22

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4547/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sobrado para os efectos oportunos.

37.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2020 de aprobación polo Pleno.

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/020 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe **11.022.976,71** euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		A.2) Baixas (fontes de financiamento):	
CE. Créditos extraordinarios:	1.555.863,42	Remanente de Tesourería:	10.532.976,71
SC. Suplementos de crédito:	9.467.113,29	Baixas por anulación:	490.000,00
Total aumentos:	11.022.976,71	Total financiamento:	11.022.976,71

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	1.099.292,00	240.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	4.380.247,75	0,00
5. Fondo continx. e o.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	3.465.190,31	0,00
7. Trans. de capital	2.078.246,65	250.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	11.022.976,71	490.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento de investimentos	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman.)	10.532.976,
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	10.532.976,

2.- Autorizar as modificacións de crédito relativas aos gastos de persoal que poidan xurdir ata o fin do exercicio, con cargo ao saldo da aplicación-0710/929/120.09, se aproben por resolución da presidencia

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2020 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

7.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións nominativas, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, según mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso asignarase recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación de excepcionalidade e de interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como ven informando a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate. Esta ven sendo a forma de actuar desde equipo de goberno en relación a calquer expediente no que se advertira tal ausencia da debida xustificación.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo do presente), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar, debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de

todo o estado, que esta Corporación Provincial pasou, dunha asignación de 25 millóns de euros, a unha asignación de case 100 millóns de euros.

8.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

38.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2020.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de setembro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

39.- Aprobación da autorización do expediente de modificación de créditos núm. 01/20 PL (CE-SC) do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

Autorizar o expediente de modificación de crédito núm. 01/20 PL (CE-SC) do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, que ascende o importe total de 5.789.280,94 €.

O expediente de modificación de créditos obxecto de autorización finánciase con remanente de tesourería procedente da liquidación do orzamento do consorcio para o 2019 por importe de 5.319.917,52 € e coa achega da Deputación Provincial da Coruña por importe de 469.363,42 €.

A autorización do expediente realízase pola Deputación en función da atribución conferida á mesma como administración pública de adscrición do Consorcio aos efectos de consolidación e de estabilidade.

40.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Cee.

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Cee.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

TERCEIRO: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Unha vez publicado o acordo someterase a información pública durante un prazo de 30 días ao obxecto de que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas, para o que estará a disposición dos interesados na Secretaría provincial.

De non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública entenderase aprobado definitivamente.

CUARTO: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín oficial da provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.

41.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Rianxo (Multas + Taxa 1,5)

1. Aceptar a delegación de competencias acordada polo Concello de Rianxo na sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2020 en relación coas seguintes materias:

1) A instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como para a súa recadación tanto en período voluntario como executivo.

2) A xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsoles ou voos das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación de impostos, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

42.- Dación de conta do Informe sobre datos relevantes do funcionamento da tesourería, xestión tributaria, recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020. Situación a 30 de setembro.

Dáse conta do informe sobre datos relevantes do funcionamento da tesourería, xestión tributaria, recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020. Situación a 30 de setembro.

43.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Boiro para financiar o proxecto "PROGRAMA DE FORMACIÓN ACELERACIÓN EMPRENDE-LAB BARBANZA", marco do Plan de Emprego Local 2016-2019 (PEL)

1º APROBAR a prórroga do convenio 118/2018, de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro, para financiar o proxecto ""Programa de Formación- Aceleración EMPRENDE - LAB BARBANZA", dentro do PEL Emprande 2018, nos seguintes termos:

Período de vixencia, ata o 30 de abril de 2021.

Data límite para a execución de actividades, o 31 de marzo de 2021.

Presentación da xustificación, antes do 31 de marzo de 2021.

2º MODIFICAR as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguera os gastos devengados dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de marzo de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o 30 de abril de 2021, sempre e cando exista crédito para tal fin..."

3º CONDICIONAR o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre Fondos Europeos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os concellos son a administración pública máis próxima da cidadanía e a que mellor coñece as súas necesidades. Así mesmo, son os concellos quen ofrecen grande parte dos servizos básicos, xerarn espazos públicos urbanos, contribúen a xerar emprego, coidan das persoas e do medio ambiente, articulan a convivencia, manteñen o espazo público e moitos outros servizos públicos que transcenden na calidade de vida das persoas. A pesar disto, son as administracións que menos dispoñen dun financiamento seguro, no marco xeral dun sistema inxusto, discriminatorio e insuficiente. Manexando escasamente o 15% do total do gasto público realizado no conxunto do Estado, situado nuns 70.000 millóns de euros, e contando escasamente co 20% dos 2.500.000 de empregados e empregadas públicas. Unha situación en desvantaxe con outros niveis administrativos que evidencia que o Estado español aínda ten pendente a necesaria reforma municipal que permita un financiamento suficiente e sostible dos concellos, con criterios de progresividade e xustiza social e sostibilidade ambiental. E aínda así, o propio 'Plan presupuestario 2020 do Reino de España' recoñece que as entidades locais veñen obtendo resultados fiscais de superavit desde o 2012.

Neste contexto estrutural, España recibirá nos próximos seis anos 140.000 de euros do Fondo de Recuperación da Unión Europea para combatir a crise da covid-19. Unha cifra que semella dunha dimensión enorme se temos en conta que os fondos gastados no sexenio 2014-2020 non alcanzaron nin os 16.000 millóns. Ademais, o 70% destes fondos terán que ser destinados a proxectos específicos xa entre os anos 2021 e 2022. O 30% restante terá que asignarse no 2023 aínda que os pagamentos poderán prolongarse ata o ano 2026.

Estamos, por tanto, diante dun período moi breve de tempo no que as administracións públicas terán que executar un gasto moi superior aos fondos estruturais de investimento asignados en 2014-2020 que eran 40.000 millóns e que chegaran ao mesmo tempo que o resto de fondos comunitarios. Un reto para a capacidade de gasto das administracións públicas e no que deberían ter capacidade de decisión todos os seus niveis, tamén, e especialmente o local.

Os Concellos poden ser unha ferramenta fundamental para executar ese gasto e, ademais, poden recoñecer mellor as necesidades máis inmediatas das poboacións locais. Unha proximidade que é aínda máis útil no actual contexto de crise sanitaria e económica, por iso debe garantirse que no reparto destes fondos tamén se conta cos Concellos bensexa a través de asignacións directas ben sexa mediante proxectos transversais e supramunicipais. Unha coordinación e transversalidade que cómpre facer dentro do marco institucional galego e para o que cómpre establecer un modelo de diálogo entre as administracións públicas, axentes sociais e axentes socioeconómicos galegos para poder garantir que as iniciativas e propostas financiadas a través destes fondos son as máis necesarias.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial de Marea Atlántica presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a organizar un mecanismo de

reparto e cogobernanza do Fondo de Recuperación europeo Next Generation EU aos efectos de que un 33% do total de fondos destinados a Galicia sexa executado polas Corporacións Locais, dos cales un 20% de xeito directo polos Concellos e o restante 13% en proxectos transversais ou supramunicipais.

2. Instar á Xunta de Galicia a establecer un mecanismo de diálogo entre as administracións públicas, axentes sociais e axentes socioeconómicos galegos para a correcta administración do Fondo de Recuperación europeo no noso país.

3. Dar conta deste acordo aos órganos de goberno da FEGAMP, da FEMP, así como a todos os grupos do Parlamento de Galicia, así como a todos os grupos que contén con representación galega nas cortes do Estado.

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garante o dereito constitucional a propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas

A ocupación ilegal de vivendas, segundo os últimos datos publicados, creceu un 58% nos últimos cinco anos pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.

Soamente entre os meses de xaneiro e xuño de 2020 rexistráronse 7.450 denuncias por ocupación, un 5% máis que no mesmo período do ano pasado, segundo datos do Ministerio do Interior. De media, prodúcese 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmobles.

Os cálculos estiman que hai un mínimo de 87.000 vivendas ocupadas ilegalmente en España ás que habería que sumar aquelas cuxa ocupación non se denunciou.

Estes datos móstrannos como a ocupación ilegal é un problema crecente no noso país que non soamente ataca o dereito á vivenda e á propiedade privada recollidos na Constitución Española (artigos 47 e 33 respectivamente) senón que, ademais, altera gravemente a convivencia veciñal e pon en serio risco a seguridade e integridade de persoas e bens.

Esta alteración da convivencia veciñal prodúcese pola proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmobles para alugalos de forma ilegal a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade ou para conseguir do lexítimo propietario diñeiro a cambio de desalojar a vivenda usurpada ilegalmente.

Nos últimos anos, producíronse avances lexislativos na loita contra a ocupación ilegal de vivendas como ocorreu en 2018 a través da Lei 5/2018 que modificou a Lei 1/2000 de Axuízamento Civil en relación á ocupación ilegal de vivendas acurtando prazos e axilizando procedementos.

Pero é necesario, á vista das cifras anteriormente mencionadas, reforzar o ordenamento xurídico para que os ocupas non poidan ampararse en ningún baleiro legal e protexer e garantir de maneira contundente a propiedade privada, a convivencia e a seguridade xurídica ademais de loitar activamente contra a mafias que fixeron da ocupación ilegal o seu negocio.

Para iso, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados presentou unha Proposición de Lei Orgánica que, por unha banda, reforza o concepto de domicilio pero ligado ao do lexítimo propietario, posuidor ou titular dun dereito sobre a cousa inmovle, fronte a quen ocupa sen título e sen tolerancia do primeiro.

E doutra banda, define por primeira vez de maneira inequívoca que é a ocupación ilegal: "a tenencia ou goce de cousa inmovle allea, sen pago de renda ou mercé, nin razón de dereito, que non se atopa amparada na mera liberalidad ou tolerancia do propietario ou posuidor real".

Esta proposición de lei introduce medidas como que a autoridade pública ou os seus axentes poderán desalojar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de 12 horas sen necesidade de esperar meses; considera nula a inscrición no Padrón municipal cando a persoa rexistrada sexa un ocupa ilegal; axiliza o proceso penal para xulgar

este tipo de delincuencia e regula novas penas para quen fomenta a ocupación ilegal e se estas persoas son responsables políticos inclúe unha inhabilitación de 15 anos para exercicio de cargo público.

Ademais, esta proposición de lei reforza os medios dos que dispoñen as comunidades de propietarios para combater a ocupación ilegal, e as negativas consecuencias que ten para a convivencia e a seguridade dos veciños, que poderán adoptar medidas preventivas tales como tapiar ou pechar portas ou xanelas.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

1. Manifestar o firme compromiso da Deputación da Coruña, coa defensa do dereito á propiedade privada e a loita contra ocupación ilegal de vivendas. Un compromiso que é compatible co apoio e protección a aqueles veciños e familias que se atopan en situación de emerxencia social, vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda.
2. Instar o goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.
3. Apoiar as modificacións legais e as medidas incluídas na Proposición de Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados.

Dar traslado de este acordo al Ministro de Justicia y a la Presidenta y portavoces de los grupos políticos con representación en el Congreso de los Diputados.

Moción que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG instando ao goberno da Xunta de Galicia a retirar o "Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado con necesidades específicas para o ámbito educativo"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Consellería de educación publicou o "Protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo".

Este protocolo, que leva data do 16 de setembro (e que foi publicado 6 días despois do inicio do curso escolar en educación infantil e primaria) foi rexeitado tanto por unha ampla representación de familias que, agrupadas baixo o lema "Dereitos non parches" chegaron a manifestarse ante a delegación provincial da Consellería de educación e universidade, como por diversas asociacións (Fegadah, Foanpas, Asperga, Atelga, Apamp, Andaina, Dismacor ou Teavi) que dirixiron diversos escritos á consellería de educación solicitando a súa derogación.

As familias e asociacións de alumnos galegos con necesidades especiais consideran que o mencionado protocolo é insuficiente, incompleto, contrario á lexislación vixente e elaborado sen consenso. En concreto denunciouse:

1º Que o protocolo é claramente insuficiente debido a que

- Só tense en conta ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), que é aquel en situación de discapacidade ou con trastornos graves de conduta, pero non contempla a totalidade de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), por tanto, non dedica unha soa liña a achegar solucións ás diferentes problemáticas que a implantación das medidas xerais de prevención da pandemia poden xerar noutro tipo de alumnado con necesidades específicas de apoio como TEA, TDH, TEL, alumnos con altas capacidades ou o alumnado en risco de exclusión social.

- Non establece pautas de prevención da epidemia para o alumnado e os docentes que comparten varios centros educativos, unha situación demasiado frecuente para o persoal do departamento de orientación.

- Non contempla a dotación de recursos para atender as medidas establecidas no protocolo xeral de prevención, a saber, contratación de auxiliares técnicos educativos suficientes ou a dotación de medios para paliar as dificultades de comunicación sobrevindas que derivan do uso obrigatorio de máscaras para algúns alumnos.

2º É un protocolo incompleto: non se prevé ningunha medida para contrarrestar as dificultades producidas no proceso educativo e socializador derivadas polas medidas xerais de prevención da pandemia, que prexudican directamente o seu rendemento e posibilidades de aprendizaxe. Estas medidas de prevención son especialmente gravosas para o benestar destes alumnos debido ás súas características específicas podendo conducir a situacións de tensión pola ausencia de previsión de mecanismos de apoio para a liberación da ansiedade redundando na súa estigmatización e discriminación.

3º É un procolo contrario á normativa vixente. O apartado 6 do protocolo establece "6. Para facilitar a xestión sanitaria do SARS-COV e a mellor atención posible ao alumnado que precise apoios específicos con criterios de seguridade, poderá procederse a creación, sempre voluntariamente por parte dos centros e en coordinación coas familias, de Unidades de Educación Especial en Centros Ordinarios. Facilitarase que este alumnado comparta espazos de uso común e outras asignaturas específicas para facilitar a súa inclusión". Este apartado constitúe unha clara medida de segregación, sen fundamentación sanitaria, contraria ao principio de inclusión educativa, normalización e non discriminación do art. 79.bis 2 do LOMCE e á Convención de Dereitos de persoas con discapacidade. Pero é que ademais esta medida é contraria á propia normativa da Xunta de Galicia, en concreto é contraria ao art. 19.2 e 20.3 do decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade de alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os contidos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece que a competencia para a creación destas unidades é da consellería, e non dos centros, e a inclusión de calquera alumno require o consentimento por escrito dos seus pais, nais ou titores legais.

4º E por último, é un protocolo elaborado sen o consenso de asociacións e entidades implicados na atención educativa á diversidade, a comunidade educativa e cos axentes afectados pola súa aplicación.

Por todo o anteriormente exposto os grupos asinantes da moción propoñen ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que retire inmediatamente o protocolo mencionado na exposición de motivos.
2. O inicio urxente dun proceso de elaboración dun novo protocolo de prevención da transmisión da Covid 19 para o alumnado con necesidades específicas para o ámbito educativo, acordado coas familias e os axentes encargados da súa aplicación e que contemple medidas que, minimizando o risco de transmisión, permitan a atención educativa adecuada e segura de todo o alumnado, atendendo as necesidades do alumnado máis vulnerable sen incorrer en ningún tipo de discriminación, dotando para iso aos centros dos medios precisos para o establecemento de medidas verdadeiramente inclusivas.
3. Iniciar de xeito urxente, a elaboración dun novo protocolo de prevención da transmisión da COVID-19, que recolla as demandas das plataformas e entidades de familiares, que inclúa todas as medidas necesarias para garantir a seguridade, a participación e aprendizaxe inclusivo de todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.
4. Garantir os medios necesarios para asegurar a participación e aprendizaxe de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.